

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 25 DE MARZO DE 2021.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 12 horas e trinta e sete minutos do día 25 de febreiro de 2021 reúnese en sesión extraordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

### Concelleiros/as :

D<sup>a</sup> NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO ( ALCALDESA)  
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)  
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)  
D<sup>a</sup>. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .  
D<sup>a</sup> CRISTINA OTERO ALONSO ( PSOE).  
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ( RBC)  
D<sup>a</sup> PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ ( RBC)  
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS ( RBC)  
D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP)  
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)  
D<sup>a</sup> MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)  
D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)  
D<sup>a</sup> YOLANDA GÓMEZ GOMEZ (PP)  
D<sup>a</sup> MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

**ALCALDESA.**- BOA TARDE A TODOS E TODAS, CONCELEIROS E CONCELEIRAS, E ESPECIALMENTE Á XENTE QUE NOS SEGUE POR VÍA TELEMÁTICA. MANDAR OS NÓSOS MELLORES DESEXOS AS SETE PERSOAS AFECTADAS POLA COVID NO NOSO CONCELLO E DESEXARLLES UNHA PRONTA RECUPERACIÓN.

IMOS PASAR A CELEBRAR DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO MES DE MARZO DE 2021.

SEGUINDO A ORDE DO DÍA O PRIMEIRO PUNTO É:

**1.-APROBACION, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS, QUE FORON A DO 28 DE XANEIRO DE 2021 (ORDINARIA)E EXTRAORDINARIAS DE 23 DE FEBREIRO,25 DE FEBREIRO E 5 DE MARZO.**

**ALCALDESA.**- SE NON HAI NINGUNHA CORRECCIÓN OU MATIZACIÓN, AS CONSIDERAMOS APROBADAS.

**FICAN APROBADAS.**

**2.-DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime

Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 31 de decembro; dúas, sobre aboamentos.

Do 14 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 25 de xaneiro; tres; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de xaneiro; cinco; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre bonificación IVTM; unha; sobre baixa na rede sumidoiro; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de xaneiro; dezaioito; dez, sobre baixas rede sumidoiro; dúas, sobre suspensión contrato; tres; sobre exp. tarxetas estacionamento; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de xaneiro; tres; unha, sobre suspensión prazo; unha, sobre valoración operarios limpeza; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de xaneiro; dúas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de febreiro, dúas; unha, sobre arquivo expte.; unha, sobre enterramento.

Do 02 de febreiro; catorce; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; seis, sobre baixa servizo recollida lixo; unha, sobre concesión permiso lactancia; dúas, sobre orde execución; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre enterramento; unha, sobre rectificación recibos taxa entrada vehículos; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de febreiro; sete; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre remisión documentación ao Contencioso-Administrativo nº 1, Ourense; unha, sobre personamento en contencioso-administrativo 4129/2020, Ourense; unha, sobre concesión vacacións; unha sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de febreiro; oito; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; catro, sobre exptes. sancionadores; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de febreiro ;tres;: dúas, sobre exptes. sancionadores; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de febreiro; oito; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre nomeamento tribunal e baremación méritos profesor conservatorio; dúas sobre exp. tarxetas estacionamento; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de febreiro, dúas; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de febreiro, catro; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de febreiro; sete; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre expte. sancionador; dúas, sobre limpeza terreos; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de febreiro; dez; dúas, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre fraccionamento débeda; dúas, sobre liqu. Taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre cambio de titularidade actividade; unha, sobre limpeza terreo; unha, sobre formalización contrato; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de febreiro; tres; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 17 de febreiro; cinco; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de febreiro, seis; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre aprobación liquidación presuposto 2020; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de febreiro; catro; dúas, sobre bonificación IVTM; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de febreiro, dúas; unha, sobre concesión permiso paternidade, unha, sobre aboamentos.

Do 23 de febreiro, dúas; unha, sobre alta no Padrón Habitantes.; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de febreiro, catro; unha, sobre nomeamento de 1ª Tenente de Alcalde; unha, sobre nomeamento membros da Xunta Goberno Local; unha, sobre arquivo expediente; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de febreiro; doce; unha, sobre atribución competencias a Xunta de Goberno Local; dúas, sobre licenza para tenza animais potencialmente perigosos; cinco sobre delegación para xestión servizos varios; unha, sobre elección alcaldesa; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre ocupación dominio público; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de febreiro; once; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre fraccionamento débeda; catro, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de marzo; catro; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre anulación vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de marzo; dúas; unha, sobre exp. tarxeta estacionamento; unha, sobre concesión vacacións.

Do 03 de de marzo; dúas; unha, sobre denegación de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de marzo; tres; unha, sobre anulación decretos exptes. sancionadores; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de marzo, tres; dúas, sobre concesión servizo Xantar na Casa; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de marzo; seis, unha, sobre denegacion prórroga comunicación previa obras; tres, sobre procedementos sancionadores; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de marzo; cinco; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre demolición ou retirada instalación; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de marzo; cinco; dúas, sobre bonificación IVTM; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre concesión prórroga licenza obras; unha, sobre eficacia comunicación previa uso carpas; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de marzo; seis; unha, sobre exenc, IVTM; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión prórroga eficacia comunicación previa obra; unha, sobre renuncia subvención; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de marzo; tres; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de marzo; cinco; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre devolución IVTM; unha, sobre cambio titularidade actividade; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de marzo; catro; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; dúas, sobre baixas IVTM; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 17 de marzo; sete; dúas; sobre bonificación IVTM; dúas, sobre baixa taxa servizo recollida lixo; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de marzo, cinco; dúas, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre reposición legalidade urbanística; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de marzo; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 23 de marzo; dúas; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión vacacións.

Do 24 de marzo; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre reduc. pago; tres, sobre exptes. sancionadores.

### **3.- MODIFICACIÓN, ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PUBLICO POR ENSINANZAS NA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO.**

**ALCALDESA.-**A PRESENTE MODIFICACIÓN TEN O OBXECTIVO DE FACILITAR O ACCESO A CULTURA DE TODOS OS VECIÑOS, ESPECIALMENTE AS FAMILIAS MÁIS NUMEROSAS E DE MENOS CAPACIDADE ECONÓMICA.

EN CALQUERA CASO, O BAREMO PARA TER DEREITO A ESTA BONIFICACIÓN, FÍXASE CUN UMBRAL ALTO PARA TRATAR DE CHEGAR A MAIOR POBOACIÓN POSIBLE.

SECRETARIO LEA O DITAME DA COMISIÓN, POR FAVOR.

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 17 de marzo de 2021 adoptou o seguinte ditame:

Considerando que o pleno do concello de Ribadavia ten aprobada a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PUBLICO POR ENSINANZAS NA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO

Visto o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

Artigo 47.1 : O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao pleno da Corporación.

Artigo 44:

1 O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade realizada.

2 Cando existan razóns sociais , benéficas , culturais ou de interese público que así o aconsellen, , a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no artigo anterior.

Coa finalidade de fomentar o acceso a cultura dos veciños e veciñas, especialmente os de capacidade económica máis limitada.

Propoño a adopción do seguinte acordo:

-Modificar o artigo 6 da Ordenanza Reguladora do Prezo Público da Aula de Teatro do concello de Ribadavia engadindo a seguinte exención:

-Quedan exentas as persoas físicas que pertencen a unha unidade familiar na cal tres ou máis dos seus membros sexan usuarios do servizo da Aula de Teatro, sempre que os ingresos da unidade familiar non superen en tres veces o salario mínimo interprofesional.

-Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do concello de Ribadavia.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (2), RENC (1), reservanse para o pleno PP (2) e BNG (1), fica aprobada elevándose ao pleno en calidade de ditame.

**ALCALDESA.-**LLE CEDO A PALABRA AO PORTAVOZ DO GOBERNO, DON BRAIS FIDALGO.



D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Boa tarde a todos e todas ,aos concelleiros e concelleiras e aos que nos seguen dende as súas casas. A presente modificación xa foi explicada na Comisión Informativa, parte da demanda dunha familia concreta. Foi trasladada á concelleira pola Directora da Escola de Teatro, pode haber máis persoas neste caso.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez ( BNG).- Trasladar unha forte aperta a todas as persoas que padecen a pandemia , no noso concello e nos outros. Ogallá un día a cifra de afectados sexa cero. Ogallá haxa moitas persoas que poidan beneficiarse de esta exención.

D César Fernández Gil (PP).- Estamos a favor. É un servizo creado polo anterior goberno; a modificación aporta unha cuestión nova.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- A Escola Municipal de Teatro se creou por consenso, o reclamaban todos os grupos, o reclamaba a sociedade e , en especial, o Teatro do Vilar. Funciona moi ben, no cal ten moito que ver a directora. O proceso se iniciou na lexislatura anterior. Este goberno introduxo unha nova partida nos orzamentos para o Teatro do Vilar. Sabemos que contamos co apoio de toda a corporación.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

#### **4.- DACIÓN DE CONTA BASES AXUDAS AUTÓNOMOS, HOSTALERÍA, VITICULTURA.**

### **PROGRAMA DE SUBVENCIÓN DE REACTIVACIÓN ECONOMICA E SOCIAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA RIBADAVIA**

#### **1.- Obxecto do programa.**

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Ribadavia , outorgando liquidez ás autónomas, hostaleiros e viticultores do Concello para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e emprego e atenuar a redución drástica de ingresos.

Preténdese protexer o interese xeral da veciñanza de Ribadavia, dando soporte ás persoas autónomas, microempresas e pequenas empresas, hostaleiros e viticultores para minimizar o impacto crise económica provocada polo COVID-19 e lograr que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, prodúzase canto antes unha reactivación da economía da nosa localidade, actuando directamente sobre as persoas físicas e xurídicas máis afectadas.

A actuación municipal ven amparada por:

-Lei 5/2014 do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Disposición adicional Primeira:

“ As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 , de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, no seu caso, polo dereito estatal supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais carta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais”.

-Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, artigo 86.1 : “Para a xestión dos seus intereses e unha vez que se garanta a prestación dos servizos mínimos , o municipio poderá exercer actividades complementarias das propias de outras administracións públicas e, en particular, as relativas a:

f) A ocupación e a loita contra o paro.”

Considerando que a competencia en ocupación sofre o mantemento da mesma.

-Lei reguladora de bases de réxime local., artigo 21.1 “ O alcalde é o presidente da corporación e ostenta as seguintes atribucións:

m) Adoptar persoalmente e baixo a súa responsabilidade , en caso de catástrofe ou infortunios públicos ou grave risco dos mesmos, as medidas acaídas e necesarias dando conta inmediata ao pleno.

Constitución española, artigo 40:” Os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico .... De maneira especial realizarán unha política orientada ao pleno emprego”

## **2.- Bases reguladoras e normativa aplicable.**

1.- A presente convocatoria rexerase, con carácter xeral, polo disposto nas presentes bases reguladoras, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LGS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (en diante RLGs) , na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, que aproba o regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e, supletoriamente, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións do Concello de Ribadavia e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- . A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3. A súa tramitación realizarase por medios electrónicos en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A solicitude tamén pode presentarse de forma presencial a través do Rexistro de entrada do concello de Ribadavia, sito en Praza Maior 4.

En caso de imposibilidade de presentar a solicitude telemáticamente ou presencialmente, poderán dirixir á solicitude mediante Anexo I á seguinte dirección de correo electrónico [informatica@ribadavia.es](mailto:informatica@ribadavia.es). Neste caso, asemade, deberán achegar autorización a funcionario público para que este poida presentar a solicitude no seu nome.

4. Establécense as seguinte liñas de axudas:

- 1.- Programa I. Persoas traballadoras autónomas
- 2.- Programa II Hostalaría
- 3.- Programa III. Viticultores.

A finalidade deste programa é a concesión dunha axuda económica ás persoas traballadoras autónomas, para faceren fronte á situación económica motivada pola pandemia da COVID-19, que contribúa ao mantemento da actividade económica e do emprego.

### **3.- Crédito orzamentario.**

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 30.000 euros con cargo ao vixente orzamento municipal, polo que estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, todo elo de conformidade coa lexislación vixente.

### **4.- Persoas beneficiadas.**

1. Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas nesta orde todas as persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores da agraria (para o caso do viticultores) como persoas traballadoras por conta propia e que teñan o domicilio fiscal en Ribadavia, incluídos os autónomos societarios que teñan unha alta anterior ao 30.3.2020 e que acrediten unha baixada de facturación nos termos establecidos nas presentes bases.

2. Unicamente se pode presentar unha solicitude por persoa física ou xurídica.

3. Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo , microempresas e viticultores, calquera que sexa a súa forma xurídica, que se atopen nalgún dos supostos indicados a continuación:

– Estar afectada polos supostos de peche do establecemento, ou no caso de hoteis, hostais, casas rurais e outros tipos de aloxamentos, excluídas as Vivendas de Uso turístico, polo peche perimetral do concello en que se sitúen, ditados pola autoridade sanitaria ou a autoridade competente delegada da Xunta de Galicia nas ordes e decretos que se relacionan:

a) Decreto 1/2021, do 4 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

b) Orde do 4 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Decreto 2/2021, do 8 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

d) Orde do 8 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma.

e) Decreto 3/2021, do 13 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

f) Orde do 13 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Decreto 5/2021, do 19 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

h) Orde do 19 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

j) Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ou en calquera outra orde ou disposición, posterior ou simultánea, ditada pola autoridade sanitaria ou a autoridade competente delegada da Comunidade Autónoma de Galicia nesta materia.

- Que acrediten unha baixada de facturación nos termos establecidos nas presentes bases.

4.- Con carácter xeral, os beneficiarios/as das axudas, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio fiscal no Concello de Ribadavia.
- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e coa TXSS.
- Non ter débeda ningunha co concello.
- Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa CC.AA. de Galicia.
- Cumprir coas obrigas establecidas na base 11.

Con carácter particular, os beneficiarios/as das axudas, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

**A) Requisitos específicos das persoas físicas**

Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, con anterioridade ao 30.3.2020

No caso dos viticultores deberán estar dados de alta no Réxime Xeral de Traballadores Agrarios.

**B) Requisitos específicos das persoas xurídicas**

A data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición, no rexistro público correspondente, debe ser anterior ao 30.03.2020

**C) Exclusiones**

Quedan expresamente excluídas destas axudas as asociacións, as comunidades de propietarios, en réxime de propiedade horizontal, as administracións públicas, organismos públicos, entes dependentes, as congregacións e institución relixiosas, as Unións Temporais de Empresas, as comunidades de bens, as herdanzas xacentes así como as sociedades civís sen personalidade xurídica propia e demais entidades carentes desta.

**5.- Contía das axudas.-**

**A) AXUDAS FIXAS.-**

1.- Concederáse unha cantidade fixa máxima de 400 € para persoas físicas e xurídicas con ou sen traballadores ao seu cargo cando a actividade que desenvolvan viuse afectada polo peche da actividade de acordo co establecido nos Decretos e Ordes referidos con anterioridade na presente base.

A contía das axudas será de acordo cos seguintes criterios:

a) Aqueles autónomos que teñan na súa declaración da renda unha base liquidable xeral e de aforro que non supere o Salario Mínimo Interprofesional (uns 13.300 euros anuais), un importe de axuda de 400 euros.

b) Aqueles autónomos que teñan na súa declaración da renda unha base liquidable xeral e de aforro que supere o Salario mínimo profesional e non supere o dobre do Salario Mínimo Interprofesional (entre 13.300 euros anuais e 26.600 euros anuais), un importe de axuda de 300 euros.

c) Aqueles autónomos que teñan na súa declaración da renda unha base liquidable xeral e de aforro que supere o dobre do Salario mínimo profesional e non supere o 2,5 do Salario Mínimo Interprofesional (entre 26.600 euros anuais e 33.250 euros anuais), un importe de axuda de 250 euros.

2.- Concedérase unha contía fixa máxima de 300 € a aquelas persoas físicas ou xurídicas sen traballadores ao seu cargo que non se viron afectados polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 do 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 do 14 de marzo, a condición de que sufrisen unha redución de facturación con respecto ao ano anterior nos termos establecidos no punto 5. A) 3. . Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración se levará a cabo tendo en conta o período de actividade. Esta redución de facturación deberase xustificar coa presentación da documentación requirida no punto 8.

A contía das axudas será de acordo cos seguintes criterios:

a) Aqueles autónomos que teñan na súa declaración da renda unha base liquidable xeral e de aforro que non supere o Salario Mínimo Interprofesional (uns 13.300 euros anuais) e sufriran unha redución de facturación con respecto ao ano anterior nos termos establecidos no punto 5. A) 3 :

75% un importe de axuda de 300 euros.

50% un importe de axuda de 250 euros.

25% un importe de axuda de 200 euros.

b) Aqueles autónomos que teñan na súa declaración da renda unha base liquidable xeral e de aforro que que supere o Salario mínimo profesional e non supere o dobre do Salario Mínimo Interprofesional (entre 13.300 euros anuais e 26.600 euros anuais) en sufriran unha redución de facturación con respecto ao ano anterior nos termos establecidos no punto 5. A) 3 :

75% un importe de axuda de 250 euros.

50% un importe de axuda de 200 euros.

25% un importe de axuda de 150 euros.

c) Aqueles autónomos que teñan na súa declaración da renda unha base liquidable xeral e de aforro que que supere o dobre do Salario mínimo profesional e non supere o 2,5 do Salario Mínimo Interprofesional (entre 26.600 euros anuais e 33.250 euros anuais) e sufriran unha redución de facturación con respecto ao ano anterior nos termos establecidos no punto 5. A) 3 :

75% un importe de axuda de 200 euros.

50% un importe de axuda de 150 euros.

25% un importe de axuda de 100 euros.

Todo iso ata esgotarse o crédito destinado á convocatoria.

3. A baixada de facturación calcularase de xeito xeral comparando os datos de facturación anual de 2020 cos de 2019.

4. A baixada de facturación acreditarase con calquera das seguintes modalidades:

– Estimación directa: mediante a declaración de IVE anual (modelo 390) dos anos 2019 e 2020 ou declaracións trimestrais de IVE (modelos 303), ou declaración trimestral do IRPF (modelo 130) do IV trimestre do ano 2019 co IV trimestre do ano 2020.

– No caso de que as persoas ou entidades solicitantes tributen no réxime de estimación obxectiva ou módulos, a diminución de facturación establecida no artigo 18 deberase acreditar coas copias, referidas aos períodos de comparación, do libro de facturas emitidas e recibidas, ou libro diario de ingresos e gastos, ou libro rexistro de vendas e ingresos, ou o libro de compras e gastos, ou calquera outra forma admitida en dereito para acreditar a diminución na facturación, como poden ser, entre outros e tendo en conta a actividade económica, a presentación de descenso de consumo de enerxía eléctrica, copia do rexistro de caixa ou cobramentos e pagamentos por TPV, ou calquera outro medio, dos anos 2019 e 2020.

## **B) AXUDAS VARIABLES.-**

As axudas prevista no punto A) veranse incrementadas nas contías que se sinalan, sempre que ese acrediten documentalmente os condicionantes establecidos:

- Local.

100 euros se o local onde se atopa a actividade se atopa alugado e non está suxeito a renda antiga. Acreditarase coa presentación de contrato de arredamento vixente e xustificante de pago da derradeira mensuralidade.

- Fillos a cargo.-

1 fillo: 100 euros.

2 ou máis fillos: 150 euros.

Acreditarase coa presentación do Libro de familia e no caso que proceda declaración xurada de que non perciben ingreso algún.

- Traballadores a cargo.-

1 traballador: 100 euros.

2 ou máis traballadores: 150 euros.



Acreditarse coa presentación dos contratos de traballo dos traballadores.

- Ingreso familiar.

Se se acredita que é o único ingreso na unidade familiar: 100 euros.

Acreditarse coa presentación da declaración da renda dos membros da unidade familiar. No caso que non tivesen obriga de presentar declaración deberán presentar unha declaración negativa da axencia tributaria.

5. A contía máxima sumadas as cantidades fixas e as variables non poderá superar a cantidade de 800 euros.

### **C) REDUCCIÓN DE AXUDAS.-**

No caso de non atoparse empadroados, as cantidades obxecto de subvención (fixas e variables) reduciranse o 50%.

### **6.- Outros requisitos dos solicitantes.**

a) Que, o domicilio fiscal e no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade atópese no termo municipal de Ribadavia

b) Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Facenda estatal (AEAT), Autonómica e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social ( TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pago da subvención, no seu caso.

c) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Ribadavia .  
Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pago da subvención, no seu caso.

d) En relación cos puntos b) e c) e dada a natureza extraordinaria, tanto das actuacións subvencionables destas bases reguladoras, como da situación de estado de alarma e emerxencia sanitaria da cal derivan e que provocou que a meirande parte de persoas autónomas e empresas solicitaran aprazamento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou á Administración da Comunidade Autónoma, ou mesmo non poidan afrontar transitoriamente a súa satisfacción puntual, de acordo co establecido no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exímese ás persoas beneficiarias desta subvención do requisito de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Ribadavia ou fronte á Seguridade Social ou fronte á Administración pública da Comunidade Autónoma e do Estado, no momento da concesión da axuda e do pagamento do anticipo concedido, sempre que se dean as seguintes circunstancias que deberán acreditarse mediante a declaración responsable:

1º. Que o conxunto das débedas tributarias co Concello de Ribadavia, coa Seguridade Social e coa Administración pública da Comunidade Autónoma e Estatal, da persoa beneficiaria, teñan un importe inferior a cantidade que lle corresponda, pola axuda solicitada.

2º. Que a persoa beneficiaria se obrigue a poñerse ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Ribadavia, fronte á Seguridade Social, coa Administración pública da Comunidade Autónoma e do Estado ou respecto das débedas pola procedencia de reintegro, no prazo de 15 días naturais contados a partir do día en que teña concedida a subvención, perdendo o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

f) Estar empadroado no concello de Ribadavia. Este requisito non será obrigatorio se ben os non empadroados verán reducidas nun 50% as axudas concedidas.

g) Non poderán acceder a estas axudas os autónomos que teñan a súa actividade suxeita a contrato de traballo por ningunha empresa.

h) Aqueles autónomos que teñan na súa declaración da renda unha base liquidable xeral e de aforro que non supere 2,5 veces o Salario Mínimo Interprofesional (uns 33.250 euros anuais).

Para acreditar dita situación deberá presentar declaración da renda presentada ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria correspondente o derradeiro exercicio.

## **7.- Compatibilidade con outras axudas e subvencións.**

As axudas serán compatibles con calquera outra medida, axuda ou subvención adoptada por calquera outra administración pública ou ente público ou privado, de acordo cos criterios establecidos nas presentes bases.

En ningún caso o importe da subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

## **8.- Prazo e forma de presentación de solicitudes.**

1.- O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal

2.- As solicitudes,, presentaranse por vía telemática a través da Sede electrónica do Concello de Ribadavia ou de forma presencial a través do rexistro de entrada do concello de Ribadavia, sito en Praza Maior 4.

En caso de imposibilidade de presentar a solicitude telemáticamente ou presencialmente , poderán dirixir á solicitude mediante Anexo I á seguinte dirección de correo electrónico [informatica@ribadavia.es](mailto:informatica@ribadavia.es). Neste caso, asemade, deberán achegar autorización a funcionario público para que este poida presentar a solicitude no seu nome.

3.- O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP).

4.- A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión.

## **9.- Documentación a achegar.**

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

### **A. En caso de persoa física:**

- a) DNI polas dúas caras ou NIE (número de identificación de extranxeiro) acompañado do pasaporte, se o indica.
A xestión directa dos servizos públicos por parte das institucións locais está a ser recuperada mesmo en grandes cidades europeas e para Ribadavia representa a oportunidade de obter recursos cos que financiar as melloras do servizo de augas. Compre a responsabilidade e a vontade política de levar a cabo un estudo sobre a viabilidade organizativa e económica da municipalización da auga en Ribadavia.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1 Instar o goberno municipal a rematar a elaboración da ordenanza municipal do Concello de Ribadavia sobre o servizo de saneamento e depuración de augas.

2 Instar a que se realice un estudo de viabilidade económica da prestación directa do servizo municipal de augas.

3 Instar a que se tramite a renovación da prestación do servizo municipal de augas, conxunta cun plan de investimentos en renovación e extensión das redes de abastecemento e saneamento do noso concello.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG (1), reservanse para o pleno PSOE (2), PP (2) e RENC (1), fica aprobada elevándose ao pleno en calidade de ditame.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Traemos esta moción pedindo a renovación das concesións dos servizos e a aprobación da ordenanza de saneamento e depuración da auga. É un ben moi escaso, na nosa provincia temos esa riqueza. A concesión do servizo da auga está rematada, o fai unha empresa aceptablemente. O custe anual é de 200.000 hai que dar paso a un novo concurso, ou monopolización. Hai veciños sen saneamento e abastecemento, con fosas sépticas Hai escapes de augas residuais, expedientes sancionadores da Confederación Hidrográfica.

D César Fernández Gil (PP).- En principio o noso voto vai a ser abstención. O modelo de xestión do servizo municipal de augas é mellor externalizar. Non é o momento de explorar o modelo de xestión.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Os tres puntos nos parecen ben. Nun mes tivemos dúas reunións para avaliar a realidade contractual e as posibilidades de mellora. No 2016 se acordou a prórroga. O goberno ten moi presente esta situación.

A ordenanza da auga se está valorando como as demais ordenanzas. O estudo de viabilidade xa existe, realizado a 2019 a prezos de mercado. Hai parroquias con vontade de non incorporarse á rede municipal, quizás se precisa pedagogía. O estudo de viabilidade deixaba moi igualados os modelos de xestión. Si se mancomunase cos concellos do entorno podería mellorar a capacidade de inversión.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Nos parece moi ben que se fixese o estudio de viabilidade. Hai localidades que sería bó que se incorporasen á rede municipal.

Sometida a votación a proposta obtéñese o seguinte resultado, votos a prol PSOE (4), RENC (3) , BNG (1) , abstención PP (5) , fica aprobada.

## **10.- MOCIÓN BNG SOBRE O FUTURO DO NOSO SECTOR FINANCEIRO.**

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 17 de marzo de 2021 adoptou o seguinte ditame:

O proceso de concentración e centralización bancaria provocou ou a perda nos últimos dez anos de entidades como Caixa Galicia, Banco Pastor, Banco de Galicia ou Banco Gallego, todas elas con oficinas en Ribadavia. Padecemos os seus efectos en forma de destrución de emprego, exclusión de amplos sectores da poboación do acceso a servizos financeiros básicos e acentuación das dificultades de acceso ao crédito para o financiamento da nosa economía.

Esta situación, lonxe de corrixirse, vese agravada con novos procesos en curso, como o ERE no Banco Santander, que xa está provocando destrución de emprego, redución do número de oficinas -polas duplicidades- e marxinación, sobre todo do rural, e dificultades de acceso ao crédito para as pequenas e medianas empresas. De novo, en Ribadavia sabemos de que se trata.

No ano 2017, cando o Banco Santander comprou por 1 euro os Bancos Popular e Pastor, había en Galiza 415 oficinas: 207 do Pastor; 171 do Banco Santander e 37 do Banco Popular. Cos procesos de fusión, en novembro de 2020 só quedaban 234 oficinas. O cadro de persoal era de 2.110 traballadores en 2018, ficando reducido na actualidade a 1.776 persoas.

Esta situación vaise agravar coa redución de persoal acordada no Expediente de Regulación de Emprego asinado en decembro de 2020. En Galiza este ERE suporá a perda de 370 empregos e o previsible peche de 79 oficinas máis.

O impacto social e económico deste proceso de concentración e centralización é múltiplo:

-Destrución de postos de traballo e precarización do emprego. Menos oficinas e menos persoal trae consigo unha maior carga de traballo para as empregadas e empregados, incerteza na mobilidade xeográfica e tamén unha maior presión sobre as traballadoras e os traballadores.

- Exclusión ou maior dificultade de acceso de sectores da cidadanía a servizos financeiros básicos, derivadas do peche de oficinas (cun impacto singular en concellos rurais), a migración aos servizos dixitais (agravando as consecuencias da fenda dixital, cun impacto singular nas persoas maiores) e o empeoramento da calidade do servizo (longas colas para entrar nas oficinas e innumerábeis dificultades para poder solucionar presencialmente as xestións).

-Un modelo de negocio afastado das necesidades da maioría social e das necesidades de financiamento da nosa economía produtiva. Orientado a dar servizo ás grandes empresas e corporacións antes que a PEMES, autónomos e particulares e a privilexiar a colocación de produtos cada vez máis complexos e de maior risco aos servizos vencellados á xestión dos depósitos de pequenas e pequenos aforradores.

-Neste contexto, vimos de coñecer que a oficina do Banco Santander de Ribadavia vai ser pechada neste mes de marzo, agravando os prexuízos xa expostos que se lle causan ás veciñas e veciños do noso concello.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

1 Expresar o apoio da Corporación Municipal ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego.

2 Instar a Xunta de Galicia a desenvolver, no seu ámbito de competencia, as actuacións necesarias para evitar a deslocalización de servizos e a perda de postos de traballo no sector da banca en Galiza.

3 Instar o Goberno Central a impulsar, no exercicio das súas competencias, unha regulación do sector bancario que evite os perigos da concentración e centralización, atenda as necesidades de financiamento da economía produtiva e asegure o acceso da cidadanía a servizos financeiros básicos.

4 Trasladar este acordo a dirección do Banco Santander para que reconsidere a súa decisión e manteña o servizo a súa clientela.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG (1), reservanse para o pleno PSOE (2), PP (2) e RENC (1), fica aprobada elevándose ao pleno en calidade de ditame.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O BNG está presentando esta moción en moitos concellos, que sufren o peche de entidades. Hai 45 concellos sen sucursais, dende 2008 Galicia perdeu a metade das sucursais. Os maiores e os de menos recursos parece que non son clientes. A banca electrónica é complicado acceder. Non é un problema só de Ribadavia. É triste o peche da oficina do Banco de Santander.

Alcaldesa.- Totalmente a favor.

D César Fernández Gil (PP).- O debate sobre o mundo da banca transcende da capacidade de decisión do pleno dun concello.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Estamos a favor. Transcende o municipal, os concellos converxen e fan país. O sistema financeiro galego se abordou dende a eliminación das caixas de aforros en prexuízo das familias traballadoras; o que gana é Abanca e a banca. A cuestión do cambio de sede se trasladou á dirección do Banco Santander. A sucursal actual é máis pequena, rodeada de barreiras, escaleiras e cun caxeiro que incumple a normativa.. Imos facer todo o posible para que melloren as instalacións.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Ao falar do futuro do sector financeiro falamos do noso concello principalmente. As comisións son abusivas na maioría de ese sector. Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (4), RENC (3) , BNG (1) , abstención PP (5) , fica aprobada.

#### - **MOCIÓNS DE URXENCIA.**

#### **11 INSCRIPCIÓN DE BENS INMOBLES NO INVENTARIO MUNICIPAL.**

**Alcaldesa.-**

POR PARTE DO GRUPO DE GOBERNO IMOS A PRESENTAR POR VÍA DE URXENCIA A INSCRIPCIÓN DE DIVERSOS INMOBLES E SOARES NO CASCO HISTÓRICO NO INVENTARIO DE BENS E A FIXACIÓN DO HORARIO DOS PLENOS E DAS COMISIÓNS, TEMA QUE QUEDOU PENDENTE NO ANTERIOR PLENO.

ASEMADE, PROPOÑEMOS UNHA SOLICITUDE DIRIXIDA AO MINISTERIO DE CULTURA PARA A CESIÓN DUN INMOBLE CONTIGÜO AO MUSEO ETNOLÓXICO.

A URXENCIA VEN MOTIVADA POLA SITUACIÓN DE ABANDONO E DETERIORO DESES INMOBLES , E POLA VONTADE DO GRUPO DE GOBERNO DE SOLUCIONAR A SITUACIÓN DOS MESMOS, O CAL ESIXE POR LEI E COMO UN SIMPLE TRÁMITE ADMINISTRATIVO, SEN TRASCENDENCIA, QUE ESTÉN INSCRITOS NO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS.

O MESMO MOTIVO DE SITUACIÓN DE DETERIORO E ABANDONO XUSTIFICA A URXENCIA CON RELACIÓN AO INMOBLE QUE ESTÁ A CARÓN DO MUSEO ETNOLÓXICO.

IMOS VOTAR A URXENCIA.

A urxencia fica aprobada por unanimidade.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- .- É unha mostra máis do traballo grande e intenso do goberno. É para dar mellor saída a inmobles e soares.

O PP critica de forma perversa algunhas cuestións como a actividade de conciliación en semana santa. Este goberno ofertou 28 prazas cun gran esforzo.

Nos inmobles do casco histórico imos facer todo o posible, estamos abertos á iniciativa pública ou privada. O goberno se puxo dende o primeiro día a limpiar o casco histórico.

D<sup>a</sup> Maria Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Estamos a favor da inscrición. Que se arranxen as propiedades no casco histórico.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Como goberno defendemos que o casco histórico necesita dinamismo, veciños e veciñas. O fundamental é que haxa vivenda para facer do casco histórico un lugar vivo. A xunta de goberno trasladou unha serie de peticións á Deputación, que fixo unha modificación de 20 millóns de euros e cero para Ribadavia. Nos imos a seguir reclamando. En A Rúa se subvenciona cunha partida importante a rehabilitación da oficina de turismo do concello de menor monumentalidade e atractivo turístico.

O Museo Xudío de Galicia necesita unha mellora importante. Tamén reclamamos axuda para o local social da Madalena. Nos non somos menos que outros concellos, pedimos un trato igual ao de outros concellos.

VISTO O REAL DECRETO 1372/1986 , DE 13 DE XUÑO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE BENS DAS ENTIDADES LOCAIS:

-ARTIGO 34 “ O PLENO DA CORPORACIÓN LOCAL SERÁ O ÓRGANO COMPETENTE PARA ACORDAR A APROBACION DO INVENTARIO XA FORMADO, A SÚA RECTIFICACIÓN E COMPROBACIÓN.”

-ARTIGO 33.1 “ A RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO SE VERIFICARA ANUALMENTE, E EN ELLA SE REFLECTIRÁN AS VICISITUDES DE TODA ÍNDOLE DOS BENS E DEREITOS DURANTE ESA ETAPA”

-ARTIGO 18 “ NO INVENTARIO SE RESEÑARÁN, POR SEPARADO, SEGÚN A SÚA NATUREZA , AGRUPÁNDOOS, A TENOS DOS SEGUINTE EPÍGRAFES:

1º INMOBLES.”

CONSIDERANDO QUE O REGULAMENTO DE BENS DAS ENTIDADES LOCAIS IMPÓN, COMO OBRIGA MÍNIMA, A DE RECTIFICAR ANUALMENTE O INVENTARIO DE BENS, PERO , EN NINGÚN MODO, PROHIBE INCORPORACIÓN E INCLUSIÓN PUNTUAIS DURANTE O EXERCICIO CANDO RESULTA PRECISO.

ACÓRDASE:

INSCRIBIR NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE RIBADAVIA NO EPÍGRAFE I BENS INMOBLES, GRUPO A FINCAS URBANAS, NÚMERO DE ORDE 23 O SEGUINTE INMOBLE:

-REFERENCIAS CATASTRAIS; 0823612NG7802S ( RÚA DOS FORNOS Nº13, EN CATASTRO 11ª), 0823613NG7802S ( RÚA DOS FORNOS Nº11)

Situación: Rúa dos Fornos nº11 e nº 13.

Descrición: Tal e como se sinala no informe da arquitecta municipal” aínda que se reflicten con dúas referencias catastrais diferenciadas e tamén dúas fichas do catálogo do PEPRI individualizadas, o nº 11 e o nº 13 son unha única unidade

atendendo a súa distribución interior , segundo se representan no Plano de estado actual do Proxecto básico e de execución de hotel , realizado no ano 2003 polos arquitectos don Xesús Cordeiro Rodríguez , dona Eva Filgueira García , Don César Jiménez López e don Luis Meijide Rico.

Casa de planta alta y baja sita en los números 11 e 13 da rúa Fornos, dunha superficie aproximada de cento vinte metros cadrados sobre unha parcela de cento un metros cadrados. A planta baixa está destinada a local e mide sesenta metros cadrados , e a planta alta está adicada a vivenda e ten unha superficie de sesenta metros cadrados.

Propiedade: Concello de Ribadavia.

Lindeiros:

Norte:Número 15 da rúa Fornos, de titularidade municipal

Sur: casa de Pedro Iglesias e con Carlos García Cendón.

Oeste:patio.

Este: rúa Fornos.

Superficie:

0823612NG7802S 84 M2 DE VIVENDA E 51 M2 DE PATIO.

0823613NG7802S 106,00 M2 DE VIVENDA E 53,00 M2 DE LOCAL.

Non hai dereitos reais ou persoais que graven o inmovible.

Natureza : ben patrimonial.

Urbano. O Plan Especial de Protección e Reforma do Casco Antigo, PEPRI, outórgalle un Grado de Protección Ambiental.

O título de adquisición do inmovible é escritura de compravenda número seiscientos setenta e un outorgada na vila de Ribadavia ante o notario don Javier Elbo Ferrant con data de veintiseis de decembro de dos mil dous, vendedores don José Alvarez González, don Francisco Ramón Gómez Álvarez , dona María Rosa Gómez Alvarez, adquirente Ilustrísimo Concello de Ribadavia. Precio da venda 102.172,06 euros.

Título dos transmitentes “ Pertenece a don José Alvarez González , don Francisco Ramón Gómez Alvarez y doña María Rosa Gómez Alvarez con carácter privativo por haberlas heredado de su padre y abuelo, respectivamente, don Ramón Alvarez Rodríguez, fallecido hace más de treinta y tres años.”

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

ACÓRDASE:

INSCRIBIR NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE RIBADAVIA NO EPÍGRAFE I BENS INMOBLES, GRUPO A FINCAS URBANAS, NÚMERO DE ORDE 24 O SEGUINTE BEN INMOBLE:

-REFERENCIA CATASTRAL; 0823611NG7802S

Situación: Rúa dos Fornos nº15, en catastro nº 13.

Descrición: Casa de dúas plantas , sita no número quince da rúa Fornos, dunha superficie aproximada de cento corenta e oito metros cadrados sobre un solar de setenta e catro metros cadrados. A planta baixa mide setenta e catro metros cadrados e está adicada a local , e a primeira planta está adicada a vivenda e mide setenta e catro metros cadrados .

Tal e como sinala o informe da arquitecta municipal : “Observase un claro estado de abandono , con vexetación na cuberta e algunhas pranchas de fibrocemento desprazadas , que permite o acceso de auga de chuvia ó interior da edificación , así como invasión pola maleza da fachada cara ó patio. A cuberta podería estar danada polo derrube parcial do muro medianeiro co inmovible nº11-13 que se produxo en decembro de 2020.

Lindeiros:

Norte: rúa Fornos.

Sur :patio.

Este: número trece rúa Fornos , titular concello de Ribadavia.

Oeste: número dezasete da rúa Fornos, titular concello de Ribadavia.

Propiedade: Concello de Ribadavia.

Non hai dereitos reais ou persoais que graven o inmovible.

Natureza : ben patrimonial.

Urbano. O Plan Especial de Protección e Reforma do Casco Antigo, PEPRI, outórgalle un Grado de Protección Ambiental.

O título de adquisición do inmovible é escritura de compravenda número seiscientos setenta e un outorgada na vila de Ribadavia ante o notario don Javier Elbo Ferrant con data de veintiseis de decembro de dos mil dous, vendedores don José Alvarez González, don Francisco Ramón Gómez Álvarez , dona María Rosa Gómez Alvarez, adquirente Ilustrísimo Concello de Ribadavia. Precio da venda 102.172,06 euros.

Título dos transmitentes “ Pertenece a don José Alvarez González , don Francisco Ramón Gómez Alvarez y doña María Rosa Gómez Alvarez con carácter privativo por haberlas heredado de su padre y abuelo, respectivamente, don Ramón Alvarez Rodríguez, fallecido hace más de treinta y tres años.”

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

ACÓRDASE:

INSCRIBIR NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE RIBADAVIA NO EPÍGRAFE I BENS INMOBLES, GRUPO A FINCAS URBANAS, NÚMERO DE ORDE 25 O SEGUINTE BEN INMOBLE:

-REFERENCIA CATASTRAL; 0823610NG7802S

Situación: Rúa dos Fornos nº17.

Descrición: Casa de dúas plantas sita no número 17 da rúa Fornos, dunha superficie aproximada de cento setenta e dous metros cadrados sobre un solar de oitenta e seis metros cadrados. A planta baixa mide oitenta e seis metros cadrados e está adicada a local , e a planta alta mide oitenta e seis metros cadrados e está adicada a vivenda.

Estado actual : No informe da arquitecta municipal indícase:” Na vista dende a ábsida da Igrexa de Santiago, obsérvase un derrube parcial que afecta ó forxado de teito de planta baixa e ó paramento de madeira ata o nivel de cuberta, non existindo xa o muro de pedra que aparece reflectido no plano de plantas do Proxecto básico e de execución de hotel, realizado no ano 2003 polos arquitectos D Xesús Cordeiro Rodríguez. Dª Eva Filgueira García, D César Jiménez López e D Luis Meijide Rico.

Lindeiros:

Norte:Rúa Fornos.

Sur:Carlos García Cendón.

Este:número quince da rúa Fornos, de titularidade municipal

Oeste: número dezanove da rúa Fornos.

Non hai dereitos reais ou persoais que graven o inmovible.

Natureza : ben patrimonial.

Urbano. O Plan Especial de Protección e Reforma do Casco Antigo, PEPRI, outórgalle un Grado de Protección Ambiental.

O título de adquisición do inmovible é escritura de compravenda número seiscientos setenta e un outorgada na vila de Ribadavia ante o notario don Javier Elbo Ferrant con data de veintiseis de decembro de dos mil dous, vendedores don José Alvarez González, don Francisco Ramón Gómez Álvarez , dona María Rosa Gómez Alvarez, adquirente Ilustrísimo Concello de Ribadavia. Precio da venda 102.172,06 euros.



Título dos transmitentes “ Pertenece a don José Alvarez González , don Francisco Ramón Gómez Alvarez y doña María Rosa Gómez Alvarez con carácter privativo por haberlas heredado de su padre y abuelo, respectivamente, don Ramón Alvarez Rodríguez, fallecido hace más de treinta y tres años.”

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

ACÓRDASE:

INSCRIBIR NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE RIBADAVIA NO EPÍGRAFE I BENS INMOBLES, GRUPO A FINCAS URBANAS, NÚMERO DE ORDE 28 O SEGUINTE BEN INMOBLE:

-REFERENCIA CATASTRAL; 0823711NG7802S

Situación: Rúa dos Fornos nº22( en catastro nº20 )

Descrición: Solar urbano sinalado co número 20 , na actualidade 22 da rúa Fornos, superficie sesenta e tres metros cadrados.

Propiedade: Concello de Ribadavia.

Natureza : ben patrimonial

Lindeiros:

Norte: Herdeiros de Aquilino González.

Sur: rúa dos Fornos.

Este:rúa Extramuros.

Oeste: medianeira coa casa de Benita Fernández.

O título de adquisición do inmovible é escritura de compravenda número mil douscentos doce de protocolo. outorgada na vila de Ribadavia ante o notario don Javier Elbo Ferrant con data de vinte nove de decembro de dos mil tres , vendedores doña Emilia Consuelo Rodríguez Barros, doña María del Carmen Rodríguez Barros, don Delmiro Rodríguez Barros adquirente Ilustrísimo Concello de Ribadavia. Precio da venda 18.000 euros.

Título dos transmitentes “ Pertenece a doña Emilia Consuelo, doña María del Carmen y don Delmiro Rodríguez Barros , por terceras e iguais partes indivisas por adjudicación en la herencia de su padre don Delmiro Rodríguez Deaño fallecido el día diecisiete de diciembre de mil novecientos setenta y seis, formalizada privadamente por los interesados en términos del lugar de Francelos, municipio de Ribadavia el día seis de octubre de mil novecientos ochenta y uno.”

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

ACÓRDASE:

INSCRIBIR NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE RIBADAVIA NO EPÍGRAFE I BENS INMOBLES, GRUPO A FINCAS URBANAS, NÚMERO DE ORDE 27 O SEGUINTE BEN INMOBLE:

-REFERENCIA CATASTRAL; 0823712NG7802S

Situación: Rúa dos Fornos nº24( en catastro nº20 A)

Descrición: Casa de bodega e dous pisos altos , na rúa dos Fornos, duns corenta e oito metros cadrados a adega e duns vinte catro metros cadrados cada unha das plantas.

Lindeiros:

Frente: rúa da súa situación.

Fondo: rúa Extramuros.

Dereita: Delmiro Deaño.

Esquerda : Hipólito Iglesias.

Propiedade: Concello de Ribadavia.

Natureza : ben patrimonial

Título de adquisición escritura de compravenda número de protocolo mil douscentos nove de data vintenove de decembro de dous mil tres autorizada polo notario de Ribadavia don Javier Elbo Ferrant, vendedora dona María Campo Arias e don José Dieguez Diaz, adquirente concello de Ribadavia. Precio da compravenda 16.527,80 euros.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

ACÓRDASE:

INSCRIBIR NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE RIBADAVIA NO EPÍGRAFE I BENS INMOBLES, GRUPO A FINCAS URBANAS, NÚMERO DE ORDE 26 O SEGUINTE BEN INMOBLE:

-REFERENCIA CATASTRAL; 0823713NG7802S

Situación: Rúa dos Fornos nº26( en catastro nº22)

Inscripción “ Registro de la Propiedad de Ribadavia al tomo 468, folio 110a libro 77 de Ribadavia, finca 11.170ª , inscripción 1ª”

Propiedade: Concello de Ribadavia.

Natureza : ben patrimonial

Descrición: Casa de adega e dous pisos altos , na rúa dos Fornos, duns corenta e oito metros cadrados a adega e de vinte catro metros cadrados cada unha das plantas.

**Lindeiros:**

Frente: rúa da súa situación.

Fondo: rúa Extramuros.

Dereita: Delmiro Deaño.

Esquerda : Hipólito Iglesias.

Título de adquisición escritura de compravenda número de protocolo mil douscentos dez de data vintenoventa e nove de decembro de dous mil tres autorizada polo notario de Ribadavia don Javier Elbo Ferrant, vendedora dona Justa Campo Arias, dona María Campo Arias e don José Dieguez Díaz, adquirente concello de Ribadavia. Precio da compravenda 16.527,80 euros.

Título dos transmitentes don José Dieguez Díaz e dona María Campo Arias 50% do pleno dominio por título de compravenda con carácter para a sociedade de gananciais.

Dona María Campo Arias 50% do pleno dominio por título de herdanza con carácter privativo.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

**ACÓRDASE:**

INSCRIBIR NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE RIBADAVIA NO EPÍGRAFE I BENS INMOBLES, GRUPO A FINCAS URBANAS, NÚMERO DE ORDE 30 O SEGUINTE BEN INMOBLE:

-REFERENCIA CATASTRAL; 0823706NG7802S

Situación: Rúa San Martiño nº 13/ rúa Xerusalem

Descrición: Ruínas dunha casa en mal estado de conservación, duns treinta e cinco metros cadrados de planta.

Propiedade: Concello de Ribadavia.

Lindeiros:

Norte:Herdeiros de José Puga Castro

Sur:Rúa San Martín

Este:Travesía de Santiago.

Oeste: Jesús Alvarez Gómez.

Natureza : ben patrimonial.

Urbano. O Plan Especial de Protección e Reforma do Casco Antigo, PEPRI, outórgalle un Grado de Protección Estrutural.

Título de propiedade acordo de cesión de data 18 de setembro de 2000 outorgada por dona María del Carmen Martínez González, dona María José Míguez Martínez e dona María Raquel Míguez Martínez, en concepto de herdeiras de don José Míguez Fernández, en virtude de auto declaración de herdeiros, adquirente concello de Ribadavia, representado polo seu alcalde don José Pérez Iglesias.

Consta a seguinte cláusula quinta na escritura: “ En el supuesto de que el ayuntamiento de Ribadavia procediese a la venta del inmueble referenciado, la cantidad que sobrepase los gastos realizados en el inmueble ( gastos de consolidación, apuntalamiento, demolición, apeo, construcción y rehabilitación del mismo ) todos ellos debidamente acreditados, se repartirán al 50% entre el ayuntamiento y las herederas de don José Miguez Fernández.”

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

ACÓRDASE:

INSCRIBIR NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE RIBADAVIA NO EPÍGRAFE I BENS INMOBLES, GRUPO A FINCAS URBANAS, NÚMERO DE ORDE 29 O SEGUINTE BEN INMOBLE:

-REFERENCIA CATASTRAL; 0823711NG7802S

Situación: Rúa Extramuros nº52( en catastro nº50 )

Edificación semirehabilitada.

Descrición: Casa de planta alta e baixa, dunha superficie total aproximada de douscentos corenta metros cadrados, sobre un terreo que mide aproximadamente douscentos setenta metros cadrados. A planta baixa está adicada a local e mide aproximadamente cento vinte metros cadrados, e a planta alta está adicada a vivenda, ocupando unha superficie aproximada de cento vinte metros cadrados.

Lindeiros:

Norte: paseo que da o río.

Sur : Rúa Extramuros.

Este: Camilo Rodríguez Alonso.

Oeste: camiño público.

Propiedade: Concello de Ribadavia.

**Non hai dereitos reais ou persoais que graven o inmueble.**

**Natureza : ben patrimonial.**

**Urbano.**

O título de adquisición do inmovible é escritura de compravenda número seiscientos setenta outorgada na vila de Ribadavia ante o notario don Javier Elbo Ferrant con data de vinte e seis de decembro de dos mil dous, vendedores dona Leonisa Couto Touza , adquirente Ilustrísimo Concello de Ribadavia. Precio da venda 84.141,09 euros.

Título da transmitente “ Pertenece a doña Leonisa Couto por haberla comprado a sus hermanas doña Pilar y doña Evangelina Couto Touza, y a sus sobrinos don Julio y don Serafín Couto Escudero , hijos de su fallecido hermano don Julio Couto Touza, y su sobrina Marisela Couto Bravo, hija de su fallecido hermano Joaquín Couto Touza. ”

## **12.-SOLICITUDE DE CESIÓN DE INMOBLE ANEXO AO MUSEO.**

Considerando que o inmovible sito na Travesía de Santiago II, nº1, Rúa dos Fornos, número 23 , referencia catastral 0823402NG7802S, anexo ao Museo Etnolóxico de Ribadavia, atópase actualmente en desuso, que , o inmovible non cumpre as condicións de habitabilidade, ornato e seguridade legalmente esixidas polo artigo 135.1.c) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e, que a dirección do Museo comunica que non existe inconveniente para a súa cesión ao concello .

Visto o artigo 145 da Lei 33/2003 de Patrimonio das administracións Públicas:

1 Os bens e dereitos patrimoniais da Administración Xeral do Estado , cuxa afectación ou explotación non se xulge previsible poderán ser cedidos gratuitamente , para a realización de fins de utilidade pública ou interese social da súa competencia, a comunidades autónomas, entidades locais, fundacións públicas ou asociacións declaradas de utilidade pública.

3 A cesión poderá ter por obxecto a propiedade do ben e dereito ou só o seu uso. En ambos casos, a cesión levará aparellada para o cesionario a obriga de adicar os bens ao fin expresado no correspondente acordo.

4 Cando a cesión teña por obxecto a propiedade do ben ou dereito somentes poderán ser cesionarios as comunidades autónomas, entidades locais ou fundacións públicas.

Propoño ao pleno do concello de Ribadavia a adopción do seguinte acordo:

-Solicitar do Ministerio de Cultura e Deporte a cesión en propiedade do inmovible sito na Travesía de Santiago II,Nº1, Rúa dos Fornos nº23, para ser adicado a unha actuación pública de interese social e asumindo o compromiso o concello de restaurar o inmovible para que cumpra as condicións de habitabilidade, ornato e seguridade legalmente esixidas.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

### **13.- HORARIO PLENOS E COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

*A que asina, Alcaldesa-Presidente do Concello de Ribadavia, ten a honra de propoñer ó Pleno acade o seguinte acordo sobre a periodicidade das súas sesións ordinarias:*

*Que se celebren os días último xoves de cada mes, coa excepción do mes de agosto, ás 19:00 h, , e, se o devandito día fose festivo, terá lugar no día hábil inmediatamente anterior .*

*Que as comisións informativas se celebren o penúltimo xoves de cada mes, coa excepción do mes de agosto , ás 20:00 horas , e , se o devandito día fose festivo, terá lugar no día hábil inmediatamente anterior.*

*NEMBARGANTES, O PLENO, CO SEU SUPERIOR CRITERIO, ACADARÁ O ACORDO QUE ESTIME MÁIS AXEITADO".*

A urxencia é aprobada por unanimidade.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- O tema quedou enriba da mesa no anterior pleno, A proposta é os plenos as sete e as comisións as oito.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Debería haber consenso, para mín é mellor as oito. Se podía poñer todo as oito, Ten que ser por maioría.

D César Fernández Gil (PP).- Non podemos votar a favor, Xa expusimos a situación dunha concelleira que non pode vir por traballo aos plenos antes das oito.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Ser concelleiro non é un traballo grato, é duro conleva renunciar a moitas cousas. O pleno é un ao mes, debería ser un foro de debate , non de silencios. Se usa facebook e as redes sociais para mentir e acribillar , onde non nos podemos defender. O pleno é un espazo de igualdade. Se fixa este horario para dar máis importancia. Este goberno se enterou pola prensa das medidas do comité clínico e da Xunta.

Non concordo coas cousas que di o PP nas redes, son auténticas mentiraa, a alcaldesa traslada inmediatamente o mensaxe do xerente aos grupos co número de afectados. É indignante que aparezca antes na prensa.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol PSOE (4), RENC (3), en contra PP (5), abstención BNG, fica aprobada.

### **14.- ROGOS E PREGUNTAS.**

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Sobre a reunión da comisión da covid urxe ter vacinas , para todos os traballadores do concello. Dosis de vacinas para toda a poboación. Dou por suposto que o número de afectados se traslada en tempo real. Se deben dar explicacións á poboación dende o goberno. O GES e a policía local teñen que coñecer a identidade dos afectados.

Que continúen os auxiliares da Policía Local.

Está sen arranxar a barreira do parking.

Nos parques infantis en Ventosela hai dous postes en mal estado.

Que se volva a pintar o paso de peóns antes da estación de bus, onde o taller de coches.

Alcaldesa.- A información dos casos de covid se transmite no momento en que se recibe.As identidades non se poden dar a coñecer pola protección de datos.

No tema do parking xa se chamou á empresa. Os desbroces se van a facer en toda Ribadavia.

D César Fernández Gil (PP).- Pregunto pola actividade cultural nos días de Semana Santa.

Pido información sobre o expediente de reposición da legalidade no vial do Parque Empresarial.

Alcaldesa.- Fixeronse xestións e se está traballando nese tema.

D<sup>a</sup> Paula Rodríguez Domínguez , 1<sup>a</sup> tenente de alcalde.- Se está traballando, algunhas cousas están a piques de pecharse, cando se peche se informará.

**Alcaldesa.-MOITAS GRAZAS A TODOS E TODAS POLA SÚA ASISTENCIA E TRABALLO , SE LEVANTA A SESIÓN.**

E sendo as nove horas e corenta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDESA

SECRETARIO